



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura Inglesa 2	Código	613G03017	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía InglesaLetras			
Coordinación	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es	
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel Clark Mitchell, David Mitchell Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es david.clark@udc.es carlos.gomez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo panorámico da literatura inglesa dos seculos XVIII e XIX.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Familiarizarse coa evolución da literatura inglesa	A1	B5
	A2	B7	
	A7	B8	
	A8		
	A16		
	A17		
A Coñecer o contexto histórico e cultural no que xurdan os traballos literarios.	A17		
Saber recoñecer e analizar os contidos ideolóxicos dos textos	A1		
	A2		
Familiarizarse con aspectos diversos da historia de Gran Bretaña e a súa cultura	A1	B1	
	A2	B5	
	A7	B7	
	A8	B8	
	A16		
	A17		



Contidos	
Temas	Subtemas
1. O século XVIII.	1.1. Introducción. O ascenso da novela: a cultura da época. Xornais e publicacións periódicas. Transformacións na Inglaterra do século XVIII. A natureza da sátira: Swift. 1.2.- Daniel Defoe: Robinson Crusoe (completa), Moll Flanders. (pasaxes) 1.3.- Jonathan Swift. Gulliver's Travels (completa) 1.4. Fielding. 1.5. Sterne. Tristram Shandy (pasaxes). Un viaxe sentimental (pasaxes). 1.6. Outros autores relevantes do XVIII (pasaxes das obras, no seu caso). Por exemplo, Burke, Walpole, Fielding, Alexander Pope, Richardson, Tobias Smollett, Goldsmith, etc.
2. O Romanticismo inglés e Regencia.	2.1 Introducción á novela gótica (XVIII). Walpole y Radcliffe (extractos) 2.2 A novela "doméstica": Jane Austen. Northanger Abbey (completa) 2.3 Os poetas románticos: Wordsworth (poemas), Keats (poemas), Percy B. Shelley (poemas), Byron (poemas) e Coleridge. (The Rime of the Ancient Mariner, completa). As poetas románticas inglesas (poemas). 2.4. Novela de herencia gótica: Frankenstein Mary Shelley (novela completa) 2.5. Romanticismo tardío: As Brontë: Emily Brontë. Wuthering Heights (Cumbres borrascosas) (novela completa) 2.6. The Strange Case of Dr. Jekyll and Mr. Hyde, Robert Louis Stevenson. (texto completo).
3. A novela e a cultura victorianas.	3.1 Introducción. Natureza sobrenatural e ciencia. novela realista, novela naturalista, policíaca, melodrama social, etc. 3.2 Dickens. Grandes esperanzas (texto completo)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba práctica	A1 A8	8	10	18
Sesión maxistral	A7 A17 B1 B5 B7 B8 C1	30	5	35
Seminario	A1 A2	22	6	28
Proba mixta	A1 A2 A8 A16 B5 B7 C1	0	20	20
Lecturas	A16	0	45	45
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba práctica	Probas o exames escritas ou orais sobre as lecturas do curso.
Sesión maxistral	Explicación de temas.
Seminario	Discusión en máis profundidade de temas. Realizaranse en grupo interactivo para favorecer a participación de todas/os. A participación dos alumnos será obxecto de avaliación.
Proba mixta	Exames escritos de contidos teóricos e prácticos.
Lecturas	Ler os textos do corpus (obras ou fragmentos)



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba práctica	O alumnado deberá preparar traballos individuais e por grupos sobre textos e temas do corpus para a súa presentación escrita ou oral, segundo as indicacións do seu momento do profesor.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A8 A16 B5 B7 C1	Proba de preguntas teóricas do aprendido durante o curso e de comentario e análise de textos. Só se terá en conta o exame final (ou os exames parciais) cando o alumno obteña, polo menos, catro puntos de dez. No caso de que a nota sexa inferior a catro, o/a alumno/a terá que volver facer o exame final ou os parciais.	50
Proba práctica	A1 A8	Exames e tests orais ou escritos sobre as lecturas realizadas no curso.	50

Observacións avaliación



Os estudantes deben completar as lecturas propostas (ver listaxe de contidos do programa) sempre antes de que sexan analizadas ou comentadas en clase, para que a interactividade e o debate sexa posible. Igualmente, o profesor establecerá un test ou unha proba de lectura, que se realizará sempre na clase (agás imposibilidade), sobre todas ou algunhas das lecturas en curso, xa sexa nese momento ou máis tarde de que esas obras se traballaran na aula. As lecturas son obrigatorias e serán avaliadas de xeito individual. As lecturas e os seus tests respectivos forman parte da avaliación da asignatura, no apartado proba práctica, como se indica enriba destas liñas. Podería solicitarse por parte del profesor unha presentación oral.

O exame escrito, que constara de tres partes, unha por cada profesor da materia, completará a avaliación da asignatura. Cómpre obter como mínimo un 4 sobre dez en cada unha das partes para superala. De non lograr un 4 ou máis, o alumno ou alumna deberá recuperar esa parte na oportunidade de xullo.

Na oportunidade de xullo os alumnos/as realizarán actividades, traballos ou un ensaio sobre os textos de estudo (50% da nota) e o exame (50% da nota). Aqueles alumnos/as que o longo do curso presentaran traballos satisfactoriamente non teñen que presentar ningún traballo adicional, agás que o indique o profesor especificamente. Os alumnos/as que non se presenten ás probas obxectivas da primeira ou segunda oportunidade acadarán a cualificación de Non Presentado.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo. Poderá seguir a materia no Campus Virtual da UDC e mediante a comunicación co profesor.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Os traballos escritos poden ser revisados a través da aplicación Turnitin que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). Turnitin recoñece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC": Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas).

-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Diversidade e adaptación. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade.



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Introdución aos Estudos Literarios/613G03005 Literatura Inglesa 1/613G03010
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías